

Av Coruña Común: breve cartografía do audiovisual participativo coruñés e galego

· **Marcelo Martínez Hermida e Luis Ogando Des**
Universidade de Santiago de Compostela, España



Círculo sobre os festivais audiovisuais

NOTAS BIOGRÁFICAS

Marcelo Martínez Hermida é profesor da Universidade de Santiago de Compostela e editor da Revista Internacional de Comunicación y Desarrollo (RICD).

Contacto: marcelo.martinez.hermida@gmail.com

Luis Ogando Des é doctor en Comunicación e Industrias Creativas pola Universidade de Santiago de Compostela. Desenvolve a súa carreira profesional no terreo da investigación e xestión de proxectos no ámbito da comunicación social.

Contacto: luisan.ogades@gmail.com

AV Coruña Común é un proxecto posto en marcha pola Asociación Acción en Común para o Diálogo Social (ACCOM) e o grupo de investigación Cidadanía e Comunicación (CIDACOM), co apoio económico da Deputación da Coruña. O obxectivo de AV Coruña Común era crear espazos de diálogo e colaboración entre as entidades coruñesas e galegas que desenvolven actividades empregando o audiovisual participativo como ferramenta de traballo. A metodoloxía empregada para sustentar a análise do sector foron os círculos de lectura, nos que representantes de diversas entidades coruñesas e galegas compartiron as súas experiencias e debateron sobre as posibilidades que o audiovisual participativo ofrece ao desenvolvemento social, cultural e económico no eido local. Formaron parte destes círculos: Agareso, Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu (FICBUEU), Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE), Dingko, Illa Bufarda, Proxecto Máscaras, VideodinamizArte, Curtocircuito, Tintimán, Novos Cinemas e Airoá TV. A continuación exporemos o material xerado nos círculos, analizado e sistematizado, para debuxar unha breve cartografía do audiovisual participativo coruñés e galego.

1. ESTRUCTURA DAS ORGANIZACIÓNS

Á hora de concibir unha cartografía do audiovisual é preciso comezar por establecer unha aproximación as estruturas das entidades que desenvolven proxectos relacionados co audiovisual participativo, posto que a mesma, fortemente relacionada, como é obvio, coas súas vías de financiamento, é fundamental para entender o traballo que levan a cabo, a súa valía para A Coruña e para toda Galicia e as potencialidades que ofrece o eido, tanto a nivel económico como, sobre todo, a nivel sociocultural. Hai que ter en conta ao longo de toda a cartografía, pero en especial neste apartado, que participaron no proxecto actores diversos e con necesidades, características e obxectivos distintos, sobre todo no caso dos festivais audiovisuais, cuxas actividades están estacionadas.

1.1 FORMA XURÍDICA

As formas nas que se constitúen legal e fiscalmente as entidades do audiovisual partici-

pativo son diversas. Van dende a organización non goberamental (ONG), como é no caso de Agareso, ata a produtora audiovisual, como Tintiman Audiovisual, pasando pola figura da asociación cultural sen ánimo de lucro, como a que organiza o FICBUEU, a televisión local (Airoá), ou unha pequena sociedade composta por so dúas persoas (Ilha Bufarda) e, incluso, se aposta por crear figuras duales, así o Novo Cinemas artéllase en torno a un binomio, por unha parte unha empresa produtora, por outras unha asociación cultural. A pluralidade de formas nas que as entidades do eido do audiovisual participativo se organizan amosa a complexidade dun espazo de creación (cultural, cidadá e económica) que se move en diversos mundos, a cabalo entre as industrias culturais, o eido da formación e o activismo sociocultural. Estas formas diversas de organizarse permiten ás entidades adaptarse as súas propias características e as do seu entorno, aínda que teñen fontes de financiamento similares, traballen en espazos parecidos e empreguen as mesmas metodoloxías, cada unha é radicalmente diferente a outra e iso amósase nas súas dinámicas internas e externas.

1.2 PERSOAL

A estrutura de persoal das entidades que participaron en Av Coruña Común é reducida. A maioría delas está composta por unha ou dúas persoas que traballan ao longo do ano, algunhas a tempo completo a maioría están dirixidas por profesionais freelance que traballan a tempo parcial. A organización cun maior número de persoal ao longo do ano é Agareso, cun coordinador a tempo completo, unha persoa a cargo da administración a tempo parcial e catro persoas máis, a cargo dos proxectos comunicativos da entidade, tamén a tempo parcial. Os festivais expanden o seu persoal nos meses previos á celebración dos mesmos. No caso de Curocircuito, conta cun director que traballa todo o ano e logo conta con coordinadores por áreas nos meses previos: de produción, de dirección, de comunicación e de convidados. Así, a incorporación de persoal temporal á entidade faise de forma escalonada, en función das necesidades do festival.

Como consecuencia disto, puidemos observar que nas entidades de maior envergadura (os festivais, Agareso que traballa en cooperación para o desenvolvemento noutros países) amósase unha estrutura laboral na que un reducido

número de persoas leva o peso da organización, ampliando o persoal en función das necesidades dos proxectos, delegando nesas persoas a dirección directa e, finalmente, contan con persoal eventual, colaboradores e voluntarios. Isto débese, por unha parte, ás dinámicas de financiamento das entidades, que analizaremos no seguinte apartado, que dependen da posta en marcha de proxectos; por outra, ao calendario de ditos proxectos.

Mentres, nas entidades de menor dimensión, conformadas por poucas persoas, xeralmente freelance que compatibilizan a súa labor para estas entidades con outros traballos, as estruturas se simplifican, recaendo a coordinación e a execución dos proxectos nas mesmas persoas.

1.3 EXPERIENCIA

Ao longo de Av Coruña Común puido observarse que as entidades que realizan audiovisual participativo en Galicia en xeral e na Coruña en particular, teñen unha labrada experiencia nas diferentes competencias técnicas que posibilitan a realización de proxectos audiovisuais participativos. No caso dos festivais, destacan o seu traballo nos eidos do guion, a edición, o software/hardware, a produción e organización de rodaxes, os medios técnicos e nas rodaxes mesmas. Tamén poñen en primeira plana a súa labor formativa, como analizaremos no apartado pertinente. Pola súa banda, as ongs, produtoras, asociacións culturais e pequenas empresas conformadas por freelance amosan ter coñecementos e capacidades nos principais aspectos ligados á gravación audiovisual: guion, fotografía, son, edición... e, sobre todo, na realización de cursos de formación.

Tendo en conta todo o exposto, podemos afirmar que as entidades están preparadas para desenvolver proxectos audiovisuais participativos, posto que contan coas competencias e experiencias necesarias e amosan o seu coñecemento e capacidade multidisciplinar, podendo executar todas as fases do proxecto audiovisual, dende o guion ata a edición, pasando pola organización ou os aspectos máis técnicos. Isto, conxugado coa relevancia que ten a formación e capacitación das persoas nos proxectos que desenvolven, garanten a validez e potencialidade do audiovisual participativo como ferramenta de creación cultural e transformación social.

2. FINANCIAMENTO

Os orzamentos varían dunhas entidades a outras. As ongs e os festivais contan con orzamentos maiores, de aí que as súas estruturas tamén o sexan, como analizamos con anterioridade, no caso de Agareso recoñecen que o seu orzamento se sitúa por enriba dos 100.000 euros e FICBUEU sosteñen que o seu está por enriba dos 60.000 euros anuais. En cambio as entidades de menor tamaño, como Gingko, VideodinamizArte ou Ilha Bufarda, móvense nun orzamento inferior a eses 60.000 euros e claramente dependente da obtención de subvencións ou contratos públicos.

Precisamente, a principal fonte de financiamento das entidades que desenvolven proxectos e actividades empregando as ferramentas do audiovisual participativo son as institucións públicas, sobre todo a nivel local, como consecuencia das súas propias estruturas reducidas e da súa posición auto-asumida de actores locais. Así, as subvencións e axudas públicas obtéñense a través das administracións locais (Concellos), provinciais (Deputacións) e autonómicas (Xunta de Galicia). Varias entidades combinan axudas de diferentes administracións (xeralmente municipais e provinciais, Curtocircuito, por exemplo), outras so obteñen financiamento da Xunta de Galicia (Gingko, Agareso) e algunha como VideodinamizArte so desenvolve proxectos locais a través de contratos con concellos coruñeses (neste caso A Coruña, Oleiros e As Pontes).

A segunda fonte de ingresos, que cabe destacar, son as axudas que aportan as fundacións para desenvolver proxectos sociais e culturais, con convocatorias públicas similares ás das administracións públicas, como por exemplo as da Obra Social de La Caixa. Así, para moitas entidades, o apoio das fundacións complementa o investimento das administracións públicas nos seus proxectos.

Pola súa banda, o tecido asociativo e as comunidades e grupos sociais tamén son actores a ter en conta á hora de estudar o financiamento dos proxectos audiovisuais participativos. Nalgún caso, como o de Gingko, ata a metade dos seus ingresos proceden desta fonte. É xusto neste apartado onde se visibiliza a importancia da colaboración entre entidades afíns e axentes fundamentais da sociedade civil como as asociacións culturais e sociais. No derradeiro apartado abordaremos, precisamente, estas dinámicas de colaboración.

As entidades tamén acadan ingresos a través da organización e realización de cursos formativos para profesores, activistas e persoas interesadas na creación cultural, nalgunha ocasión en colaboración coas universidades galegas, como analizaremos ao final desta cartografía. Sen embargo, as doazóns son testemuñais, así como o financiamento procedente de actores relevantes da sociedade civil como os partidos políticos ou a Igrexa, que en cambio si financian proxectos socioculturais noutros países da nosa contorna.

So os festivais, pola súa propia condición de exhibidores, teñen ingresos por venda de entradas e, sobre todo, a través da figura do patrocinio empresarial, aínda que este se materializa, xeralmente, na concesión gratuíta de produtos de dita empresa, máis que en inversión monetaria no desenvolvemento do proxecto.

Ao abordar este capítulo, puideron constatar-se as críticas das entidades aos procesos de valorización dos proxectos que levan a cabo as administracións públicas de cara a conceder o seu financiamento. Ditos procesos, férreos, pouco flexibles ás especificidades de cada entidade e de cada proxecto, e baseados en parámetros, non valoran, en opinión dos participantes o contexto no que se van desenvolver os proxectos, así como a valía social e cultural dos mesmos e o seu impacto na vida das persoas que participaran e/ou se verán beneficiadas. No caso dos festivais audiovisuais, por exemplo, obsérvase que as administracións públicas priman cuestións técnicas ou incidentais como a estrea de pezas audiovisuais, sobre a calidade da programación ou a súa coherencia cos obxectivos marcados polo certame e coa realidade e necesidades da súa contorna. Como consecuencia disto, a relación coas administracións públicas é complexa, posto que son a principal fonte de financiación dos proxectos audiovisuais comunitarios, pero á vez non palían a situación de precariedade e escaseza de recursos nas que as entidades se atopan, tendo que maximizar os ingresos de cara a conseguir cumprir os seus obxectivos.

3. FORMACIÓN E METODOLOXÍAS

A formación e capacitación é un elemento fundamental á hora de analizar os proxectos audiovisuais participativos, tanto a nivel económico como, sobre todo, para entender o funcionamento dos proxectos e o impacto socio-cultural dos mesmos na cidadanía. Así, podemos

abordar os procesos de formación que realizan estas entidades diferenciando entre cursos e masterclass propiamente ditos e a formación consubstancial a un proxecto de audiovisual participativo no que se forma ás persoas no emprego das ferramentas e linguaxe audiovisuais, empregando determinadas metodoloxías que expoñeremos neste mesmo apartado.

Dende os festivais destácase a súa aposta pola formación, por abrir espazos formativos que enchan os ocos deixados polas institucións de educación superior (MICE) ou que se sustenten sobre a colaboración coas universidades (Novos Cinemas). No caso de Curtocircuito o seu compromiso coa formación levounos a establecer un departamento pedagóxico dentro do mesmo festival e levar a cabo cursos de formación para formadores, profesores interesados en empregar o audiovisual participativo no seu traballo coa mocidade.

Ademais de organizar cursos para educadores e futuros profesionais do audiovisual, as entidades tamen realizan procesos formativos destinados a axentes sociais, é dicir, outros profesionais que traballan no tecido sociocultural, a amateurs que se aproximan ao audiovisual por primeira vez, a grupos sociais determinados e a artistas, creadores e comunicadores, persoas con áreas de interese e traballo moi próximas ás das entidades do audiovisual participativo. Xa de forma máis anecdótica saíron a colación cursos de formación dirixidos a técnicos socioculturais das administracións ou cursos focalizados na posta en marcha de proxectos e, sobre todo, na súa financiación (Agareso). De cara a consolidar o espazo do audiovisual participativo resultaría interesante que se realizaran máis cursos nestas dúas derradeiras direccións, tanto para garantir que os técnicos das administracións contan coa formación necesaria como para posibilitar a consecución de máis financiamento para asentarmos a viabilidade e o impacto socio-cultural das entidades que formaron parte deste proxecto.

Caso aparte merece o voluntariado, unha figura esencial para o mantemento e funcionamento dos festivais e das súas actividades, pero tamén doutros proxectos do audiovisual participativo coruñés e galego. Os actores que participaron no proxecto insistiron en que era preciso diferenciar a formación que levan a cabo a través de cursos, masterclass e procesos de capacitación e o voluntariado, para eles unha vía de entrada ao mercado laboral e que tamén aparece fortemente ligada co compromiso social e cultural das persoas. A propia natureza dos

proxectos audiovisuais participativos abre a porta á colaboración dunha cidadanía activa e crítica.

No relativo ás metodoloxías que empregan as entidades á hora de levar a cabo os seus proxectos, os círculos celebrados visibilizaron diversos procedementos metodolóxicos. O máis empregado é o aprender facendo, que pon o fincapé no proceso de aprendizaxe e non no resultado final, no produto audiovisual. A partir dunha aproximación teórica ao audiovisual, a través do aprender facendo trasládase o coñecemento ao terreo da práctica, formando ás persoas a través dun aprendizaxe participativo e pro-activo.

As entidades que aportaron as súas experiencias durante Av Coruña Común tamén argumentaron que empregan outras metodoloxías ligadas á investigación no eido da comunicación e a cultura como a alfabetización mediática e a educomunicación. A primeira aposta por formar ás persoas en todo o relativo aos medios e o seu funcionamento, nunha sociedade cada vez máis mediatizada, incidindo no emprego da técnica e das ferramentas que facilitan o acceso a esa sociedade mediatizada. Mentres que a segunda, ao igual que o aprender facendo, fai fincapé na necesidade de incluír ás persoas participantes, aos membros da comunidade onde se está a pór en marcha o proxecto, facendo á comunidade partícipe da execución do mesmo e artellándoo en función das necesidades da comunidade, acadando así unha aprendizaxe significativa, que fomenta as capacidades e coñecementos persoais e o pensamento crítico. Por outra banda, cabe salientarse que algunha entidade, como VideodinamizArte, emprega outras metodoloxías como a deliberación ética e a videoterapia, fortemente ligadas ao concepto de aprendizaxe significativo que acabamos de empregar. Metodoloxías que interpelean directamente ás persoas intentando promover a súa participación, o fortalecemento dunha visión crítica da súa comunidade e do mundo no que vive e, finalmente, empoderalas. Finalmente, Agareso ou Gingko salientaron, tamén a relevancia da comunicación para o desenvolvemento á hora de deseñar e executar proxectos con comunidades e grupos sociais, posto que a mesma sitúa á comunicación como ferramenta de transformación social ao servizo da cidadanía.

Como consecuencia directa de todo o analizado, pódese observar como o audiovisual participativo emerxe como práctica ou mecanismo que pode axudar a paliar a falta de

formación en contidos e produción audiovisual de gran parte da sociedade, capacitando ás persoas para xerar o seu propio contido audiovisual e para comprender o contido que lle chega a través dos medios.

4. PÚBLICOS, PARTICIPACIÓN E DIFUSIÓN

Á hora de completar unha cartografía do audiovisual participativo era fundamental abordar coas entidades a que públicos van destinadas as súas actividades e con que persoas levan a cabo os seus proxectos, posto que a propia natureza participativa dos mesmos fai que isto sexa un elemento capital á hora de deseñalos e executalos. Agás os festivais, abertos a un público máis xeral, aínda que no mesmo prima a mocidade, o resto de entidades fai gala de traballar con públicos concretos. O audiovisual participativo permite dar voz a comunidades e grupos sociais invisibilizados polo sistema mediático: xente nova, persoas con diversidade funcional, mulleres e, sobre todo, persoas en risco de exclusión social. Cabe destacar, tamén, que esa conexión directa co sistema social complétese coa participación e colaboración nos proxectos do audiovisual participativo de activistas, comunicadores sociais e xornalistas. Desta forma, as entidades que empregan o audiovisual participativo arraigan os seus proxectos na propia sociedade civil, contribuíndo ao fortalecemento da mesma e situando o audiovisual, a comunicación e a cultura como ferramentas de transformación e progreso social.

Sen embargo, resulta salientable que nun contexto de envellecemento da poboación como o coruñés e o galego, so unha das entidades participantes, VideodinamizArte incidira na importancia do traballo con persoas maiores. As metodoloxías do audiovisual participativo poden ofrecer moitas posibilidades e dotar de moitos coñecementos e técnicas a un grupo social cada vez máis numeroso e relevante social, económica e culturalmente falando.

No relativo ás vías empregadas para acadar a participación das persoas nos proxectos e as actividades planeadas, as entidades fan fincapé na necesidade de tecer redes con outras organizacións do tecido sociocultural, posto que a través das mesmas poden chegar a máis persoas interesadas en participar nos seus proxectos. Tamén sobresaee como vía de participación a organización de talleres abertos á cidadanía, o encontro con potenciais socios e a promoción do proxecto en institucións públicas

(concellos, por exemplo), sobre todo nas educativas (universidades, institutos...). Se ben, puidemos observar, ao longo do proxecto, que, sobre todo, as entidades fan unha aposta clara polo manexo das redes sociais e a súa propia web, non so para difundir os resultados acadados nos seus proxectos, senón tamén para fomentar a participación nos mesmos.

Á hora de diseminar os produtos realizados durante os proxectos, as entidades inciden, de novo, na importancia da web e as redes sociais, que permiten chegar a unha audiencia maior e cun custo mínimo. Sen embargo, tamén apostan pola presentación das producións audiovisuais en eventos e festivais, o cal permite ter un intercambio activo co público e visibilizar en espazos físicos o traballo realizado, especialmente nas propias comunidades onde se produciron as obras, como salientan dende Illa Bufarda, posto que isto permite que toda a comunidade se apropie da obra e esta redunde positivamente en tódalas persoas.

5. COLABORACIÓN

Finalmente, e de cara a completar esta cartografía, procedemos a sistematizar algunhas das ideas e reflexións que xurdiron ao afrontar as dinámicas de colaboración, existentes ou non entre as entidades que realizan audiovisual participativo e outros actores socioculturais. Ditas entidades relaciónanse, en primeiro lugar, coas institucións públicas que lles conceden o financiamento para poder executar os seus proxectos e actividades.

En segundo lugar, destacan as súas relacións coas universidades galegas, a través da organización de cursos, talleres e masterclass de forma conxunta. Sen embargo, dentro destas dinámicas de colaboración e intercambio non hai unha aposta clara pola produción científica compartida, é dicir por fomentar a investigación combinado os coñecementos teóricos e académicos co análise das experiencias que xeran as entidades. Ademais, resultaría interesante para as entidades, contar coa avaliación externa e experta dos seus proxectos por parte dos grupos de investigación universitarios, posto que isto facilitaría o proceso de análise crítico interno e axudaría a sistematizar as prácticas e a perfeccionar as metodoloxías.

En terceiro lugar, pódese observar a colaboración existente entre as entidades do audiovisual participativo e outras organizacións do

tecido sociocultural. Por exemplo, a colaboración entre o Proxecto Máscaras e Aspronaga, que permitiu producir unha obra audiovisual participada por persoas con diversidade funcional. Como consecuencia da propia natureza do audiovisual participativo como ferramenta ao servizo da cidadanía, que facilita a autorrepresentación das persoas este tipo de colaboracións con outras entidades que traballan nos eidos da cultura e a defensa de grupos sociais vulnerabilizados resultan especialmente ricas e interesantes. É, por iso, preciso afondar nelas, posto que axudan a construír unha sociedade civil activa e crítica.

Finalmente, atoparíamonos coas relacións de colaboración entre as diferentes entidades que apostan polo audiovisual participativo tanto no territorio coruñés como en toda Galicia. Av Coruña Común nace, precisamente, como un espazo de encontro para ditas entidades, para fomentar o intercambio de ideas e reflexións e para axudar a tecer rede. Durante o proxecto puidemos constatar que as propias entidades cren que falta colaboración entre elas e que a mesma se limita, a miúdo, ao intercambio comunicativo e ao terreo da difusión dos proxectos e actividades de cada unha delas.

Aínda que si existen algúns casos de colaboración en proxectos, por exemplo entre Agareso e Gingko, o certo é que isto é moi pouco habitual, a pesar de que, tendo en conta as estruturas reducidas das entidades, dita colaboración podería resultar moi interesante xa non so en termos de intercambio cultural e formativo, senón tamén en termos económicos, compartindo materiais, persoal e custos. Ademais, a construción de redes de colaboración facilitaría o acceso a un maior financiamento, podendo artellar proxectos de maiores dimensións que optasen a axudas públicas estatais e/ou europeas, contando, incluso con institucións públicas como socias.

Este déficit no eido da colaboración entre entidades, provoca tamén problemas de coordinación á hora de artellar unha axenda cultural nas distintas cidades, sobre todo no relativo aos festivais, como sucede en Santiago de Compostela, onde existen varios festivais fortemente establecidos no territorio (Cineuropa, Curtocircuito, Amal, MICE...) e que non coordinan as súas programacións e os seus calendarios, para fortalecer a oferta cultural local e desestacionalizala. Finalmente, as entidades participantes salientaron que a falta de colaboración e coordinación entre elas réstalles forza de negociación para intentar mudar os procesos de valori-

zación e concesión de axudas das administracións públicas, así como capacidade de acceder ao financiamento privado, xa sexa a través de fundacións ou de patrocinios. Concordaron, polo tanto, que deben camiñar cara unha acción en común que fortaleza o seu espazo no tecido sociocultural coruñés e galego.